

DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS SOLICITANTES
SEGUNDO SE ESTABLECE NA COLUMNA “OBSERVACIÓNS”

ART.3º.1.-Solicitud orixinal en modelo oficial totalmente cuberta e asinada

ART.3º.1.A)-Fotocopia do pasaporte ou do DNI do solicitante

ART.3º.1.B)-Documentación xustificativa do nacemento en Galicia ou de ser fillo ou neto de galegos.

Fotocopia dos documentos oficiais acreditativos da orixe galega do solicitante (completando, no seu caso, a cadea de descendencia ata chegar ao solicitante). Isto é:

1. documento no que conste a orixe galega do pai, da nai, ou de ámbolos dous.
2. documento no que conste a orixe galega do avó, avoa, ou de ámbolos dous.
3. documento no que conste a relación de parentesco ou filiación: entre os avós e os pais, entre os pais e o solicitante

ART.3º.1.C)-Unha fotografía tamaño carné

ART.3º.1.D)-Pasaporte español ou outra documentación xustificativa da nacionalidade española (certificado consular coa inscrición no Rexistro de matrícula como residente)

ART.3º.1.E)-Certificación ou xustificantes acreditativos (como declaración do IRPF ano anterior...) dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o interesado e/ou **membros da unidade económica familiar** (ata o segundo grao de afinidade ou consanguinidade) ou ben declaración xurada responsable (modelo anexo C) no caso de imposibilidade de presentar a documentación anterior (neste caso a declaración non pode estar asinada por un menor de idade).

Aclaración: NO MODELO ANEXO C DEBEN FIGURAR TODOS OS MEMBROS DA UNIDAD ECONOMICA FAMILIAR QUE CONVIVAN CO SOLICITANTE, INCLUIDOS OS QUE NON TEÑAN INGRESOS.

ART.3º.1.F)- **Certificado médico** de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa e **de ser apto para participar, con normalidade, en actividades deportivas/recreativas (modelo anexo D)**

ART.3º.1.G)-“Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas (a / por outras administracións) para a mesma actividade”, no recadro correspondente da solicitude.

- Declaración de estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa comunidade autónoma.

ART. 3º.1.H), Modelo anexo C, no que consten o número total de membros da U.E.F.incluídos aqueles que non teñen ingresos económicos.

ART.3º.2.-Anexo B da solicitude totalmente cuberta:

3º.2.a)- “Preferencia para o regreso en función da quenda na que participe” e “Quenda preferencia para viaxar”

3º.2.b)-“Disponibilidade para viaxar noutra quenda” SI/NO

3º.2.c)-“Autorización para viaxar só, asinada polos pais ou titores legais, se é menor de idade” e “Datos de contacto dos familiares en Galicia”

NOTA ACLARATORIA SOBRE CAUSAS DE EXCLUSIÓN

O incumprimento dos artigos 2º das bases reguladoras e o art. 4º.6 (do que se relaciona a continuación o seu contido) da convocatoria de axudas para a participación en actividades de campamento e campos de traballo dará lugar á exclusión do solicitante.

ART.2º.A) Ter residencia habitual fóra de Galicia.

ART.2º.B) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de galego ata o segundo grao de consanguinidade.

ART.2º.C) Ter nacionalidade española.

ART.2º.D) Atoparse vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes, para aqueles solicitantes que teñan 18 ou máis anos.

ART.2º.E) Ter unha idade entre 14 e 20 anos, a 30 de xuño de 2011, para os participantes en actividades de campamento.

ART.2º.F) Ter unha idade entre 18 e 30 anos, a 30 de xuño de 2011, para os participantes en campos de traballo.

ART.2º.G) No caso dos solicitantes de actividades de campamento, non ter participado en edicións anteriores deste programa.

ART.2º.H) No caso dos solicitantes de campos de traballo, non ter participado en edicións anteriores na modalidade de campos de traballo.

ART.2º.I) Para os solicitantes do 100% da axuda para o custo da viaxe, non debe contar a unidade económica familiar con ingresos superiores, en renda per cápita, a 2.5 veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente, de referencia para o ano da convocatoria, do país de residencia do solicitante e os solicitantes residentes en Cuba, os ingresos non poderán ser superiores á prestación económica por ancianidade establecida polo Estado español para o ano da convocatoria.

ART.4º.6.- Os participantes en campos de traballo en 2010 non poderán solicitar actividades de campamentos.



NOTA ACLARATORIA PARA OS SOLICITANTES DE CAMPOS DE TRABAJO:

Aqueles solicitantes de campos de traballo que non participaran anteriormente en actividades de campamentos terán preferencia no sorteo a aqueles outros que participaran en anos anteriores no programa en cumprimento do artigo 4º.7 da resolución..

ART.4º.7.- No caso dos campos de traballo terán preferencia na selección aqueles solicitantes que non articipasen anteriormente en actividades de campamentos.